

ANEXO I
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMBACH

Dirección do proxecto	
Nome: Mónica Villanueva Vilar	
Enderezo electrónico: monicavv@uvigo.es	Teléfono: 677 434 471
Co-dirección do proxecto	
Nome: Miguel Rodríguez Méndez	
Enderezo electrónico: miguel.r@uvigo.es	Teléfono: 637 085 728
Bienio	2020/2022
Número de participantes (máx. 4)	2

Título

Sector Téxtil en Ourense: unha perspectiva dende a economía circular e a dixitalización

Resumo

Análise do sector téxtil en Ourense para intentar abordar melloras o mesmo dende a óptica da economía circular e a dixitalización do sector.

Obxectivo

As políticas para impulsar unha economía circular convertéronse nunha prioridade en Europa, especialmente desde a aprobación do Paquete de Economía Circular da UE no ano 2015. A presentación do Pacto Verde Europeo (Green Deal) en 2019 representa o novo marco político de referencia para avanzar na economía circular, establecendo unha folla de ruta con accións para impulsar un uso eficiente dos recursos, restaurando a biodiversidade e reducindo a contaminación. Trátase de analizar o sector téxtil para entender de que maneira as actividades do sector téxtil (empresas produtivas, consumidores) poden impactar ambientalmente segundo un enfoque de economía circular.

Plan de traballo

- 1º Dentro das actividades formativas do grupo, as persoas directoras do proxecto impartirán charlas sobre aspectos fundamentais da economía circular e a dixitalización. Tamén facilitarán material xenérico sobre a temática.
- 2º Unha vez realizada a formación básica sobre a temática concretarase a estrutura de contidos do proxecto, a través de distintas reunións entre dirección, coordinación do STEMBach do centro e alumnado.
- 3º Lectura do material específico sobre economía circular e dixitalización no sector téxtil, e redacción e revisión do proxecto.
- 4º Presentación do proxecto na Facultade de CCEE e Turismo de Ourense.